

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais. Para acadar todo isto decidiuse levar a cabo a realización do proxecto Teatral- Musical " Miserábeis" , retomando o que xa se fixo no curso 2018-19, coa intención de reestrealo ao final de curso no Centro Social do Mar de Bueu ou no Auditorio de Cangas.

Os alumnos e as alumnas, ademais dos contidos puramente teóricos, poderán desenvolver competencias comunicativas, sociais, expresivas, musicais, creativas e relacionadas coa resolución de problemas e a autonomía persoal, estimulando a súa interacción co medio e garantindo, por tanto, o logro de fins formativos e propedéuticos asignados a esta etapa. Ao entender a dimensión integral das artes escénicas, os alumnos e as alumnas serán capaces de relacionar estas artes coas demais.

Ademais, o alumnado que cursa esta materia aprende a expresar, comunicar e recibir pensamentos, emocións, sentimentos e ideas, propios e alleos, mediante o uso das máis variadas técnicas e destrezas inherentes ás artes escénicas.

Os contidos da materia articúlanse en torno a dous eixes de actuación: por unha banda, potenciar a formación integral do individuo; por outra, incidir na súa formación humanista e artística a través da apropiación dun coñecemento amplo das artes escénicas, como son o teatro, o canto, a danza, a "performance" e outras.

As artes escénicas e a danza constitúen manifestacións artísticas e socioculturais que se caracterizan tanto polos procesos comunicativos singulares que promoven como polo feito de se materializaren na escena a través da integración e da síntese doutras expresións artísticas, desde as literarias ata as plásticas.

A teatralidade, elemento diferencial do feito escénico, presenta múltiples formas. Maniféstase nunha danza popular, nunha comedia rural ou nas propostas máis novas de presentación escénica, sen esquecer outras manifestacións de carácter tradicional que aínda hoxe se celebran en multitude de comunidades como, por exemplo, as festas populares, onde se fai uso, implicitamente ou explicitamente, de recursos e instrumentos expresivos típicos do drama.

A expresión teatral, característica singular e diferencial das artes escénicas, enténdese como unha manifestación humana de carácter cultural e artístico, na que se produce un acto comunicativo entre un/unha actor/actriz e un/unha espectador/a, considerando que estes termos se poden aplicar a unha gama variada de suxeitos, sen os circunscribir necesariamente ao espazo dunha sala de teatro. A expresión teatral ten a súa xénese e o seu fundamento na expresión dramática, aquel tipo de conduta en que os seres humanos, no seu comportamento cotián, fan uso do xogo de papeis nos seus procesos de expresión e comunicación.

O obxectivo é ofrecerlle ao alumnado un amplo repertorio de coñecementos, aptitudes e destrezas propios das artes escénicas, manifestacións de natureza social, cultural e artística posuidoras de códigos específicos e significativamente diferenciadores, con posibilidades de sinerxías co resto das expresións da arte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"As artes escénicas, o canto e a Danza"	Esta unidade permite o descubrimento das artes escénicas de modo xeral tanto nos elementos comúns como nas diferenzas significativas.	15	5	X	X	X
2	"A expresión e a comunicación escénica"	Nesta unidade o alumnado oríentase ao desenvolvemento das capacidades expresivas e creativas, por medio dun conxunto de actividades cunha dimensión fundamentalmente práctica que permitan a exploración, a análise e a utilización de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica.	15	5	X	X	X
3	"A interpretación nas artes escénicas a partires de escenas de Miserábeis"	Unidade que se ocupa das destrezas, as capacidades e as habilidades expresivas e creativas, coa finalidade de abordar a recreación e a representación da acción dramática a partir dos máis variados estímulos, en proxectos de traballo orientados á construción de escenas que amosen todos os tipos de personaxes, situacións e conflitos.	15	5	X	X	X
4	"A representación e a escenificación de Miserábeis"	Esta unidade ten carácter integrador. O estudo práctico das tipoloxías de	50	17		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	"A representación e a escenificación de Miserábeis"	espectáculo e dos procesos de comentario, a análise e a adaptación de textos dramáticos e non dramáticos e dos procedementos de dramaturxia culmínase coa realización dun proxecto global de posta en escena dun espectáculo concreto, establecendo e estruturando os elementos de significación que se vaian utilizar e as relacións entre estes. Tamén require a organización e a planificación dos ensaios e a distribución de tarefas aos equipos de traballo. Trátase, xa que logo, de exemplificar con casos concretos o camiño que leva do texto ao espectáculo e o papel que deberán cumprir os/as integrantes da nómina teatral, as súas funcións e as súas responsabilidades.	50	17		X	X
5	"A recepción de espectáculos escénicos".	A presente unidade oríentase ao desenvolvemento de competencias en análise, interpretación e comentario de espectáculos escénicos. Partindo do concepto de público e en función da forte dimensión social e colectiva da recepción teatral, abordarase o estudo dos instrumentos e das estratexias analíticas propias do proceso de recepción a partir de casos prácticos que permitan o desenvolvemento de debates e a confrontación de opinións, coa finalidade de potenciar unha lectura reflexiva e crítica do acontecer artístico e cultural, realizada con rigor e coherencia.	5	3			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"As artes escénicas, o canto e a Danza"	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Esforzarse na participación nas actividades propostas	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización das diferentes improvisacións.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	"A expresión e a comunicación escénica"	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	"A interpretación nas artes escénicas a partires de escenas de Miserábeis"	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	"A representación e a escenificación de Miserábeis"	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Esforzarse na participación nas actividades propostas	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización das diferentes improvisacións.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

Contidos
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
5	"A recepción de espectáculos escénicos".	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Esforzarse na participación nas actividades propostas	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización das diferentes improvisacións.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Miserábeis".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado por todo o grupo, traballando de modo cooperativo. Cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN: Participación nas diferentes actividades propostas pola profesora co obxectivo de coñecer as aptitudes do alumnado e as dificultades que poidan presentar nalgún dos ámbitos da materia, proceso imprescindible de cara a abordar o proxecto escénico que imos levar a cabo.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN: Memorización do rol que lle correspondeu a cada alumno e alumna en función da información extraída pola profesora de tódalas actividades realizadas na primeira avaliación.



Na TERCEIRA AVALIACIÓN: Ensaio sistemáticos co fin de conseguir a representación do proxecto "Miserábeis"

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (acontecementos históricos en torno á Revolución Francesa)
- Educación Física ( coordinación e expresión corporal)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto, máscaras e escenografía)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste na aula de música, convenientemente despexada para dispoñer de espazo suficiente para realizar as diferentes actividades de danza, canto, interpretación e improvisación e finalmente os ensaios da obra de teatro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>50</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Participación nas diferentes actividades propostas pola profesora co obxectivo de coñecer as

aptitudes do alumnado e as dificultades que poidan presentar nalgún dos ámbitos da materia, proceso imprescindible de cara a concretar o tipo de proxecto escénico a levar a cabo.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Memorización do rol que lle correspondeu a cada alumno e alumna.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Representación do proxecto no Centro Social do Mar de Bueu

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Cráterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopekede adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non aplica.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X		
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X		
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X		
ET.9 - Creatividade	X	X	X		

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización dunha "Performance" o 25N	Presentación no proxecto.			
Participación en diferentes eventos ao final de cada trimestre	Difusión informativa do proxecto.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**